

**A ECONOMÍA GALEGA
EN 2020**

1

María Bastida Domínguez

Profesora contratada doutora no Departamento de Organización de Empresas e Comercialización na Universidade de Santiago de Compostela

Santiago Lago Peñas

Catedrático de Economía e director do grupo de investigación GEN da Universidade e Vigo

Alberto Vaquero García

Profesor titular de Economía Aplicada e membro do grupo de investigación GEN da Universidade e Vigo

índice

Capítulo 1. A ECONOMÍA GALEGA EN 2020.....	5
1.1. Contorna internacional e estatal.....	5
1.1.1. Contorna internacional	5
1.1.2. Contorna estatal.....	6
1.2. Crecemento económico galego.....	12
1.2.1. A perspectiva da demanda.....	12
1.2.2. A perspectiva da oferta	13
1.2.3. O PIB das provincias galegas	14
1.2.4. As cifras de explotacións gandeiras de vacún de orientación leiteira	15
1.3. Variacións do PIB e do emprego: a produtividade.....	18
1.3.1. Balance do mercado de traballo	18
1.3.2. Produtividade do traballo e competitividade empresarial	22
1.4. Benestar económico-social: taxas de pobreza; alta desigualdade	22
1.4.1. Dificultades económicas dos fogares	22
1.4.2. Ingresos medios por persoa e por fogar	24
1.4.3. A poboación en risco de pobreza	25
1.4.4. Distribución da renda	26
1.5. Participación dos salarios no VEB. Custos laborais e salariais	27
1.5.1. Peso das remuneracións salariais no PIB de Galicia, España e a UE	27
1.5.2. Custos laborais. Xornada laboral.....	28
1.5.3. O salario mínimo interprofesional (SMI).....	31
1.6. A variación do IPC.....	32
1.7. Comercio exterior.....	35
1.7.1. Comercio internacional galego	35
1.7.2. Comercio galego con outras comunidades autónomas.....	36

Capítulo 1. A ECONOMÍA GALEGA EN 2020

1.1. Contorna internacional e estatal

1.1.1. Contorna internacional

O obxectivo deste capítulo é analizar a situación da economía galega no ano 2020, en perspectiva estatal e internacional. O conxunto da economía mundial viuse afectada polos efectos da COVID-19, o que provocou importantes efectos sobre os principais agregados macroeconómicos.

No cadro 1.1 figuran os índices de variación do PIB, os prezos e as taxas de desemprego en China, EE UU, Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE), Unión Europea (UE), Unión Económica e Monetaria (UEM) para o período 2013-2020. No caso da UE indícanse os datos dos cinco Estados con un meirande PIB: Alemaña, Reino Unido, Francia, Italia e España.

No ano 2019 a expansión económica mostraba xa certa desaceleración tanto na OCDE como na UE. Porén, o ano 2020 deu paso a un forte retroceso en termos do PIB (-4,8% e -6,3%, respectivamente). O único caso, dos que figuran no cadro 1.1, onde non sen produciu un descenso do PIB foi China, que aumentou un 2%. Con todo, a economía chinesa reduciu en catro puntos porcentuais a porcentaxe de variación do PIB respecto a 2019. España (-10,8%) e Reino Unido (-10,6%) foron os dous países que sufriron un maior descenso do PIB; pola contra, Alemaña rexistrou a menor caída dos países con maior PIB da UE (-5,1%).

As taxas de desemprego aumentaron do 5,4% en 2019 ao 7,1% en 2020 na OCDE e do 6,7% ao 7,2% na UE. En España o aumento foi do 14,1% ao 15,6%, unhas cifras que mostran unha importante contención do desemprego pola utilización dos expedientes temporais de regulación de emprego (ERTE). O aumento da taxa de desemprego foi o comportamento xeral en todos os países estudados, destacando o importante aumento de EE UU que pasa do 3,7% en 2019 ao 8,1% en 2020, debido ao menor nivel de protección contra o desemprego neste país.

No que atinxe á variación porcentual de índice de prezos ao consumo (IPC), cabe salientar:

- O menor aumento do IPC (1,4% en 2020) para o conxunto da OCDE e para a UE (0,7%).
- A redución do IPC en España en 2020 (-0,3%).

Cadro 1.1

Economía internacional: % de variación do PIB, IPC e taxa de paro. 2013-2020

Período	OCDE	Unión Europea						Reino Unido	EEUU	China
		Total UE ⁽³⁾	UEM	España	Alemaña	Francia	Italia			
PIB⁽¹⁾										
2013	1,6		-0,2	-1,4	0,5	0,6	-1,9	2,1	1,8	7,8
2014	2,2		1,4	1,4	2,2	1,0	0,1	2,6	2,5	7,3
2015	2,5		2,0	3,8	1,5	1,0	0,7	2,4	2,9	7,0
2016	1,8		1,9	3,0	2,1	1,0	1,4	1,9	1,6	6,9
2017	2,7	2,8	2,7	2,9	2,8	2,4	1,7	1,9	2,4	6,9
2018	2,3	2,1	1,9	2,4	1,6	1,8	0,7	1,3	2,9	6,8
2019	1,6	1,6	1,3	1,9	0,6	1,9	0,3	1,4	2,2	6,0
2020	-4,8	-6,3	-6,7	-10,8	-5,1	-8,0	-8,9	-10,6	-3,5	2,0
Taxa de emprego										
2013	7,9		12,0	26,1	5,2	10,3	12,1	7,6	7,4	4,0
2014	7,4		11,6	24,5	5,0	10,3	12,6	6,2	6,2	3,6
2015	6,8		10,9	22,1	4,6	10,4	11,9	5,3	5,3	3,4
2016	6,5	9,1	10,0	19,6	4,2	10,0	11,7	4,8	4,9	3,1
2017	5,9	8,2	9,1	17,2	3,8	9,4	11,3	4,3	4,3	2,8
2018	5,5	7,3	8,2	15,3	3,4	9,0	10,6	4,0	3,9	2,4
2019	5,4	6,7	7,6	14,1	3,1	8,5	10,0	3,8	3,7	
2020	7,1	7,2	8,0	15,6	4,2	8,1	9,3	4,5	8,1	
IPC⁽²⁾										
2013	1,6		1,4	1,5	1,6	1,0	1,3	2,6	1,5	2,6
2014	1,8		0,5	-0,1	0,9	0,7	0,3	1,6	1,7	2,0
2015	0,7		0,2	-0,7	0,7	0,1	0,1	0,1	0,1	1,4
2016	1,1	0,1	0,1	-0,5	0,2	0,2	-0,1	0,5	1,1	1,9
2017	2,2	1,5	1,4	2,0	1,6	1,1	1,2	2,4	2,1	1,7
2018	2,5	1,7	1,6	1,7	1,8	1,9	1,1	2,7	2,4	2,0
2019	2,1	1,4	1,2	0,8	1,4	1,3	0,6	1,8	1,8	2,9
2020	1,4	0,7	0,3	-0,3	0,4	0,5	-0,1	0,9	1,2	2,4

(1) En porcentaxe de variación interanual, a prezos constantes.

(2) Índices armonizados de prezos de consumo nos Estados da UE.

(3) Non inclúe Reino Unido.

Fonte: BCE, OCDE.

1.1.2. Contorna estatal

Non hai aínda datos publicados de contabilidade rexional por Comunidades Autónomas. Con todo, os datos para 2020 da Contabilidade nacional para España do Instituto Nacional de Estatística (IGE), e as estimacións que fai o Instituto Galego de Estatística (IGE) que figuran no cadro 1.2 amosan que Galicia (-8,9%) rexistrou un descenso menor do PIB que para o experimentado a nivel nacional (-10,8%).

Cadro 1.2

Porcentaxes de variación anual do PIB real⁽¹⁾. Galicia e España. 2007-2020

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020 (PE)
Galicia	4,7	1,1	-4,1	0,5	-2,3	-3,1	-0,8	1,2	2,8	3,4	2,0	3,2	1,8	-8,9
España	3,6	0,9	-3,8	0,2	-0,8	-3,0	-1,4	1,4	3,8	3,0	3,0	2,4	2,0	-10,8

PE: primeira estimación.

Fonte: INE e IGE.

O cadro 1.3 recolle as taxas de crecemento do PIB por CC.AA. para 2019 (último ano publicado) a partir da Contabilidade rexional de España do Instituto Nacional de Estatística. Compróbase como Galicia reflicte un crecemento (1,83%) lixeiramente menor ao experimentado a nivel nacional (1,95%). As CC.AA. que recollen un aumento maior foron Madrid e Navarra cun 2,63% e un 2,55%, respectivamente.

Cadro 1.3

**Tasa de crecemento⁽¹⁾ do PIB.
Por CC.AA. 2019**

	2019
Andalucía	2,14
Aragón	1,43
Asturias	1,19
Baleares	1,65
Canarias	1,66
Cantabria	1,42
Castela-A Mancha	0,89
Castela e León	1,46
Cataluña	1,77
C. Valenciana	2,09
Extremadura	1,36
Galicia	1,83
Madrid	2,63
Murcia	2,32
Navarra	2,55
País Vasco	1,82
A Ríoxa	1,44
Ceuta	0,65
Melilla	0,96
España	1,95

(1) En termos de volume.

Fonte: INE, Contabilidade rexional de España.

O cadro 1.4 recolle os datos do PIB por habitante a partir da Contabilidade Rexional de España. A información presentada reflicte que en 2019:

- O PIB per cápita foi en Galicia de 23.873 euros (690 euros máis que en 2018), por baixo da media estatal (26.426 euros). Nove CC.AA. estiveron por riba de Galicia neste indicador económico e sete por baixo (máis as dúas cidades autónomas). A situación de Galicia en 2019 non mudou respecto a 2018.
- Madrid (35.913 euros), País Vasco (34.142 euros), Navarra (31.141 euros) e Cataluña (31.119 euros) foron, igual que nos últimos anos, as de maior PIB por habitante.

- Extremadura (19.454 euros) e Andalucía (19.633 euros) seguen a ser as CC.AA. cun PIB por habitante máis baixo. Nesta lista tamén hai que incluír as dúas cidades autónomas (Ceuta, con 20.903 euros, e Melilla, con 19.211 euros).

Cadro 1.4
PIB por habitante en euros.
Por CC.AA. 2019

	2019
Madrid	35.913
País Vasco	34.142
Navarra	32.141
Cataluña	31.119
Aragón	28.727
Baleares	28.213
A Ríoxa	28.200
España	26.426
Castela-A Mancha	24.886
Cantabria	24.383
Galicia	23.873
Asturias	23.299
C. Valenciana	23.206
Murcia	21.642
Canarias	21.244
Castela e León	21.004
Ceuta	20.903
Andalucía	19.633
Extremadura	19.454
Melilla	19.211

Fonte: INE, Contabilidade rexional de España.

A posición relativa en PIB per cápita de cada comunidade e cidade autónoma, recollida no cadro 1.5, reflicte que no ano 2019:

- Galicia quedou un 9,7% por baixo da media estatal.
- No nivel superior, Madrid superou nun 35,9% á media española e o País Vasco, nun 29,2%.
- Por baixo da media estatal aparecen Melilla (-27,3%), Extremadura (-26,4%), Andalucía (-25,7%) e Ceuta (-20,9%).

Cadro 1.5
Relación do PIB per cápita das CC.AA.
respecto do estatal. 2018-2019

	2018	2019
Madrid	36,16	35,90
País Vasco	28,67	29,20
Navarra	20,39	21,63
Cataluña	18,40	17,76
Aragón	8,68	8,71
Baleares	8,14	6,76
A Ríoxa	6,64	6,71
Castela-A Mancha	-5,86	-5,83
Cantabria	-8,25	-7,73
Galicia	-10,24	-9,66
Asturias	-11,88	-11,83
C. Valenciana	-12,34	-12,18
Murcia	-18,15	-18,10
Canarias	-18,75	-19,61
Castela e León	-20,64	-20,52
Ceuta	-21,42	-20,90
Andalucía	-25,82	-25,71
Extremadura	-26,95	-26,38
Melilla	-27,44	-27,30

Fonte: INE, Contabilidade rexional de España.

A perspectiva estática do cadro 1.5 complementámola co cadro 1.6a, que recolle a evolución comparativa do PIB por habitante en Galicia e España no período 2008-2019, isto é, o valor cada ano da porcentaxe de Galicia sobre a media estatal e o cadro 1.6b que recolle para 2019 a situación relativa de todas as CC.AA.

Compróbase que:

- O PIB per cápita de Galicia no 2019 (23.873 euros) medrou por sexto ano consecutivo.
- Galicia recortou en 2,7 décimas a diferenza coa media estatal dende 2008 ata 2019, ata situarse este último ano no 90,3% da media estatal (dúas decimas por riba do resultado obtido en 2018).

Cadro 1.6a

PIB por habitante (en euros). Galicia e España. 2008-2019⁽¹⁾

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Galicia	21.145	20.333	20.481	20.121	19.514	19.586	19.782	20.794	21.482	22.411	23.183	23.873
% Galicia/España	87,6	88,2	88,9	88,4	88,5	89,4	89,0	89,6	89,6	89,8	90,1	90,3

(1) Datos definitivos ata 2016, provisionais en 2017 e avance en 2018.

Fonte: INE, Contabilidade rexional de España.

Cadro 1.6b
PIB por habitante (en euros).
CC.AA. sobre España. 2019

	2019
Madrid	135,9
País Vasco	129,2
Navarra	121,6
Cataluña	117,8
Aragón	108,7
Baleares	106,8
A Ríoxa	106,7
España	100,0
Castela-A Mancha	94,2
Cantabria	92,3
Galicia	90,3
Asturias	88,2
C. Valenciana	87,8
Murcia	81,9
Canarias	80,4
Castela e León	79,5
Ceuta	79,1
Andalucía	74,3
Extremadura	73,6
Melilla	72,70

Fonte: INE, Contabilidade rexional de España.

A avaliación da dinámica do PIB por habitante en Galicia en comparanza coa media da UE reflicte o proceso de converxencia (ou de diverxencia) dos dous ámbitos territoriais. Ao fío do cadro 1.7, Galicia avanzou ininterrompidamente dende 2005 a 2009, e o proceso de converxencia dese cuadrienio freou de súpeto coa Gran Recesión, e entre 2010 a 2013 ampliouse a diverxencia. A partir de 2015 a situación mellora, ata situarse en 2019 no 82% do PIB da UE, unha cifra que non mudou o resultado obtido en 2018.

Cadro 1.7

Evolución do PIB por habitante⁽¹⁾. Galicia/ UE 2005-2019

	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
%PIB Galicia/UE	83,3	86,6	88,1	88,1	87,8	86,0	82,0	81,0	81,0	81,0	82,0	82,0	83,0	82,0	82,0

(1) En paridade de poder adquisitivo. Media do PIB por habitante da UE27=100
Fonte: Eurostat.

O cadro 1.8 reflicte que:

- España avanzou no bienio 2006-2007 en porcentaxe do PIB por habitante respecto da media da UE, pero de 2008 a 2013 ampliouse cada ano a diverxencia entre ambos os valores. A partir de 2014 rexístrase certa mellora, pero en ningún caso supera o 93% respecto ao PIB da UE.

- Os anos 2006 (cun 102,8%) e 2013 (cun 90,0%) marcan os niveis máximo e mínimo, respectivamente, da posición relativa de España na UE en PIB per cápita.
- En 2019 o indicador foi do 91,0%, un resultado idéntico ao obtido en 2018 e lixeiramente inferior (93%) ao resultado obtido en 2017.

Cadro 1.8

**Evolución do PIB por habitante⁽¹⁾.
Galicia/ UE 2005-2019**

	%PIB España/UE
2005	100,4
2006	102,8
2007	102,3
2008	100,8
2009	99,6
2010	96,0
2011	93,0
2012	91,0
2013	90,0
2014	91,0
2015	91,0
2016	92,0
2017	93,0
2018	91,0
2019	91,0

(1) En paridade de poder adquisitivo. Media do PIB por habitante da UE27=100

Fonte: Eurostat.

Case todas as CC.AA. experimentaron un retroceso na súa converxencia coa UE entre 2012 e 2019. O cadro 1.9 recolle a variación en 2019 do PIB por persoa por CC.AA. A partir dos datos presentados, pódese salientar que:

- Galicia ocupa o posto oitavo (82%).
- Só nove CC.AA. quedaron en 2019 por riba da media da UE-27 en renda por habitante: Madrid (124%), País Vasco (118%), Navarra (111%), Cataluña (107%), Aragón (99%), Baleares (97%) e A Ríoxa (97%).
- As cinco CC.AA. con maior diverxencia en 2019 respecto da media da UE-28 en PIB por habitante foron: Estremadura (67%), Andalucía (68%), Castela-A Mancha (72%) e Canarias (73%).

Cadro 1.9

Converxencia coa UE⁽¹⁾. Por CC.AA. 2019. 2012-2019

	% variación 2012-2019	% sobre PIB da UE en 2019
Madrid	-1	124
País Vasco	0	118
Navarra	-1	111
Cataluña	0	107
Aragón	1	99
Baleares	0	97
A Ríoxa	-1	97
España	0	91
Castela e León	0	86
Cantabria	-1	84
Galicia	1	82
Asturias	-2	80
C. Valenciana	1	80
Murcia	0	75
Canarias	-4	73
Castela-A Mancha	-1	72
Andalucía	0	68
Extremadura	3	67

(1) En porcentaxe sobre a media do PIB por habitante da UE=100. En paridade de poder adquisitivo.

Fonte: Eurostat.

1.2. Crecemento económico galego

Este epígrafe afonda no estudo do PIB de Galicia no último sexenio. En concreto, faise a análise dende as perspectivas da demanda e máis da oferta, desagregando as compoñentes internas e temporal.

1.2.1. A perspectiva da demanda

A perspectiva da demanda (cadro 1.10) recorre a información publicada polo Instituto Galego de Estatística (IGE) nas Contas económicas trimestrais. En 2020, os resultados das distintas compoñentes da demanda víronse fortemente lastrados polos efectos da pandemia. Os maiores descensos experimentáronse en gasto en consumo final dos fogares e Institucións sen fin de lucro ao servizo dos fogares (-11,3%), formación bruta de capital (-13,2%) e demanda interna (-8,3%). Pola contra, o gasto en consumo final da AA.PP. rexistrou unha importante suba (4,5%) polo comportamento anticíclico desta compoñente derivado da aprobación de políticas públicas compensatorias, sendo ademais esta compoñente a única do PIB galego que rexistrou un comportamento positivo.

Cadro 1.10

PIB de Galicia. Compoñentes da demanda. 2013-2020

	Gasto en consumo final		Formación bruta de capital	Demanda Interna	Exportacións de bens e servizos	Importacións de bens e servizos
	Fogares e ISFLSF	AA. PP.				
2013	-2,8	-0,8	-12,1	-4,2	11,2	3,6
2014	-0,6	-1,2	6,6	0,4	-2,1	-3,3
2015	1,4	1,4	3,3	1,7	2,3	0,2
2016	1,9	1,5	0,9	1,7	5	1,6
2017	3,1	2,2	7,2	3,5	4,3	7,4
2018	0,8	1,9	6,3	1,9	3,8	1,4
2019	2,1	1,8	1,8	2	0,2	0,6
2020	-11,3	4,5	-13,2	-8,3	-5,8	-4,6

Datos en porcentaxe de variación interanual correxida de estacionalidade e calendario.

Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

O cadro 1.11 permite unha análise temporal máis polo miúdo das compoñentes da demanda para 2020. En xeral, as taxas son negativas, agás no caso xa comentado do consumo final das AA.PP. Así mesmo, a caída máis importante prodúcese no segundo trimestre, que foi cando se produciu o confinamento máis severo. Precisamente neste trimestre o gasto en consumo final dos fogares e Institucións sen fins de lucro ao servizo dos fogares experimentou un descenso do 24,1%, a formación bruta caeu un 25,6% e as importacións e exportacións rexistraron unha diminución do 26,1 % e do 23,8 %, respectivamente. A partir do terceiro e sobre todo no cuarto trimestre, as caídas foron moderándose, acadando resultados positivos en importacións (2,2%) e en gasto en consumo final das AA.PP. (9,2%).

Cadro 1.11

PIB de Galicia. Compoñentes da demanda. Por trimestres. 2020

	Gasto en consumo final		Formación bruta de capital	Demanda Interna	Exportacións de bens e servizos	Importacións de bens e servizos
	Fogares e ISFLSF	AA. PP.				
Primeiro trimestre	-6,5	5,4	-9,8	-4,6	-0,1	-1,6
Segundo trimestre	-24,1	0,7	-25,6	-19,2	-23,8	-26,1
Terceiro trimestre	-4,6	3,0	-9,7	-3,9	1,5	6,0
Cuarto trimestre	-10,1	9,2	-7,3	-5,7	-1,4	2,2

Datos en porcentaxe de variación interanual correxida de estacionalidade e calendario.

Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

1.2.2. A perspectiva da oferta

O cadro 1.12 permite analizar a evolución dende a perspectiva da oferta. Neste contexto, en 2020, as maiores caídas producíronse na construción (-12,6%) e na industria (-8,6%) e os servizos (-8,1%). A menor caída foi en agricultura, gandería, silvicultura e pesca (-3,3%).

Cadro 1.12

PIB de Galicia. Compoñentes da oferta. 2013-2020

	Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	Industria	Construción	Servizos
2013	4,9	5,7	-9,1	-0,9
2014	3,3	0,3	-0,6	1,1
2015	1,8	0,7	3,4	2,9
2016	-0,3	6,3	5,1	2,8
2017	-1,5	2,7	4,8	2
2018	-0,5	8,9	2,7	2,4
2019	-0,2	-1,4	3,4	2,7
2020	-3,3	-8,6	-12,6	-8,1

Datos en porcentaxe de variación interanual correxida de estacionalidade e calendario.

Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

Esta información pode completarse coa análise temporal con máis detalle das compoñentes da oferta do PIB en Galicia en 2020. O maior descenso coincide co confinamento do segundo trimestre. O efecto é especialmente forte en construción (-22,2%) e industria (-21,8%); E, en menor medida, en servizos (-17,1%) e moito menos en agricultura, gandería, silvicultura e pesca, cunha baixada mínima (-1,0%). Así mesmo, no terceiro e no cuarto trimestre, compróbase unha notable redución das taxas de variación ano a ano negativas en industria, construción e servizos, en boa medida pola recuperación da actividade económica.

Cadro 1.13

PIB de Galicia. Compoñentes da oferta. Por trimestres. 2020

	Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	Industria	Construción	Servizos
Primeiro trimestre	-1,8	-1,7	-6,8	-3,5
Segundo trimestre	-1,0	-21,8	-22,2	-17,1
Terceiro trimestre	-3,5	-5,4	-10,2	-5,1
Cuarto trimestre	-6,9	-5,5	-11,1	-6,7

Datos en porcentaxe de variación interanual correxida de estacionalidade e calendario.

Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

1.2.3. O PIB das provincias galegas

Os últimos datos publicados polo Instituto Nacional de Estatística (INE) por provincias son os correspondentes a 2018 (provisionais). No cadro 1.14 preséntase a evolución do seu crecemento económico para o período 2010-2018.

Do PIB de Galicia no ano 2018 (62,4 millóns de euros), máis de 2 millóns de euros que en 2017, as provincias atlánticas aportan un 76,8% do total. En concreto, a provincia da Coruña xerou un 42,7% e a de Pontevedra un 34,0%. As provincias de Lugo (12,3%) e Ourense (10,9%) pechan a clasificación, sumando entre as dúas menos da cuarta parte (23,2%) do PIB de Galicia.

Cadro 1.14

PIB* a prezos de mercado das provincias galegas. 2010-2018

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
2010	24.890.993	6.976.519	6.118.338	18.781.413
2011	24.341.648	6.977.378	6.170.267	18.278.698
2012	23.395.683	6.858.968	6.062.105	17.655.093
2013	23.362.265	6.892.503	5.937.373	17.733.253
2014	23.184.391	7.068.614	5.894.745	18.042.583
2015	24.422.145	7.433.567	6.059.605	18.751.282
2016	25.077.500	7.473.680	6.336.885	19.391.883
2017	25.693.489	7.474.450	6.552.020	20.674.851
2018 (p)	26.682.181	7.692.177	6.813.831	21.247.944

* A prezos correntes.

(p): datos provisionais.

Fonte: INE, Contabilidade rexional de España.

1.2.4. As cifras de explotacións gandeiras de vacún de orientación leiteira

Unha das actividades máis salientables no sector agro-gandeiro en Galicia é a produción de leite. De aí a necesidade de sinalar esta produción de xeito diferenciado. No cadro 1.15 recóllese a distribución por CC.AA. da produción de leite de vaca para 2020, a partir do Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA). Galicia, como é habitual, encabeza con gran diferenza, a clasificación, achegando un 39,1% do total estatal.

Cadro 1.15

Produción de leite*. Por CC.AA. 2020

Andalucía	581
Aragón	169
Asturias	571
Baleares	49
Canarias	48
Cantabria	441
Castela-A Mancha	275
Castela e León	927
Cataluña	762
Extremadura	27
Galicia	2.896
Madrid	62
Murcia	66
Navarra	254
País Vasco	173
A Ríoxa	25
C. Valenciana	83
España	7.405

* En miles de toneladas métricas.

Fonte: Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA). Declaracións de Leite.

As oscilacións do prezo por litro de leite de vaca pagado ás explotacións leiteiras de Galicia teñen sempre unha importantísima repercusión na renda total e máis no emprego do subsector agro-gandeiro. O cadro 1.16 presenta o prezo do litro do leite nas distintas CC.AA. en xaneiro de 2021.

- Galicia é a segunda comunidade cun prezo máis baixo (0,330 euros/litro), so por riba de Baleares (0,324 euros/litro) o que reflicte unha baixada do prezo da leite en Galicia respecto a xaneiro de 2020 do 1,3%.
- O prezo máis alto dáse en Canarias (0,424 euros/litro) superando ao de Galicia en xaneiro de 2021 en 0,09 euros/litro.

Cadro 1.16

Prezo do leite en xaneiro 2021. Por CC.AA.

	N⁽¹⁾	Prezo⁽²⁾
Andalucía	472	0,349
Aragón	47	0,337
Asturias	1.536	0,36
Baleares	102	0,324
Canarias	96	0,424
Cantabria	1.041	0,338
Castela-A Mancha	162	0,355
Castela e León	912	0,346
Cataluña	413	0,337
Estremadura	52	0,338
Galicia	6.722	0,33
Madrid	38	0,348
Murcia	21	0,335
Navarra	127	0,345
País Vasco	277	0,357
A Ríoxa	9	0,339
C. Valenciana	18	0,349

(1) N= número de explotacións lácteas incluídas neste estudo. En miles de litros.

(2) Prezo medio ponderado, en euros por litro.

Fonte: Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA). Declaracións de Leite.

Se no canto dunha análise estática analízase a evolución para 2020 do prezo do leite (calculado coa ponderación dos prezos declarados polos compradores) compróbase que Galicia rexistrou unha diminución intensa e continua dende abril ata agosto, como reflicte a columna “total estratos” do cadro 1.17.

- Na media das explotacións de vacún de Galicia, o prezo do leite subiu lixeiramente en Galicia entre xaneiro e decembro, pasando dos 32,6 aos 32,9 céntimos por litro, as maiores subas mensuais foron en setembro e outubro.
- Os menores prezos percibíronos as persoas propietarias das explotacións gandeiras máis pequenas; as do estrato 6 (de 700.001 kg/ano ou máis) cobraron en decembro de 2020 un prezo (33,7 céntimos/litro) que superou en 0,73 céntimos/litro á media (32,9 céntimos/litro), mentres que nas de menor tamaño (cota láctea inferior a 100.000 kg/ano) o prezo (28,9 céntimos/litro) quedou 4 céntimos por baixo desa media.

- O prezo de venda do litro en decembro de 2020 quedou nos estratos máis pequenos por baixo do custo de produción (estimado en 32,5 céntimos/litro).

Cadro 1.17

Prezos do leite, declarados polos compradores. Galicia 2020. Por meses.

	Total estratos	Estrato 1	Estrato 2	Estrato 3	Estrato 4	Estrato 5	Estrato 6
Xaneiro	32,6	29,0	30,9	31,4	32,3	32,8	33,3
Febreiro	32,4	28,7	30,6	31,1	32,0	32,4	33,1
Marzo	32,3	28,7	30,4	31,0	31,8	32,5	33,0
Abril	32,4	28,6	30,4	31,0	31,9	32,5	33,2
Maio	32,1	28,3	30,2	31,0	31,7	32,2	32,9
Xuño	31,9	28,2	30,1	30,8	31,4	32,0	32,6
Xullo	31,8	28,1	29,9	30,6	31,0	31,8	32,5
Agosto	31,6	28,2	29,9	30,5	31,1	31,6	32,3
Setembro	32,0	28,3	30,1	30,9	31,5	32,0	32,8
Outubro	32,7	28,6	30,5	31,3	32,1	32,7	33,5
Novembro	32,9	28,7	30,7	31,4	32,3	33,0	33,7
Decembro	32,9	28,9	30,8	31,6	32,2	33,0	33,7

€100 litros, sen IVE.

Estrato 1: Explotacións de vacún cota ata 100.000 kg de leite/ano.

Estrato 2: entre 100.001 e 200.000 kg.

Estrato 3: entre 200.001 e 300.000 kg.

Estrato 4: entre 300.001 e 400.000 kg.

Estrato 5: entre 400.001 e 700.000 kg.

Estrato 6: maior de 700.001 kg de leite/ano.

Fonte: Fondo Galego de Garantía Agraria (FEGA).

Ao fío do cadro 1.18 pódese salientar que:

- O prezo medio percibido polo litro de leite en Galicia en decembro de 2020 foi de 32,93 céntimos (0,23 céntimos/litro máis que en 2019). A pesar desta mellora respecto a outros anos, o importe a pagar é inferior ao satisfeito noutros países e CC.AA. (a media na UE foi superior aos 34 céntimos/litro).
- Ese prezo medio agocha unha forte heteroxeneidade por tamaño de explotación, sendo menor nas explotacións máis pequenas, o que pode facer pouco rendible a súa produción.

Cadro 1.18

Prezo do leite en Galicia declarado polos compradores (euros/100 litros, sen iva)

	Xan	Feb	Mar	Abr	Mai	Xuñ	Xull	Ago	Set	Out	Nov	Dec
Estrato 1 <100.000	28,96	28,68	28,65	28,58	28,32	28,19	28,08	28,15	28,28	28,59	28,74	28,93
Estrato 2 100.001 - 200.000	30,85	30,55	30,42	30,43	30,22	30,06	29,86	29,91	30,06	30,46	30,65	30,84
Estrato 3 200.001 - 300.000	31,4	31,12	31,01	30,97	30,98	30,75	30,57	30,54	30,88	31,31	31,41	31,58
Estrato 4 300.001 - 400.000	32,3	31,95	31,8	31,94	31,73	31,43	30,99	31,07	31,53	32,14	32,3	32,23
Estrato 5 400.001 - 700.000	32,76	32,44	32,47	32,48	32,22	31,96	31,76	31,61	32,03	32,72	32,97	32,96
Estrato 6 >700.001	33,34	33,05	33,04	33,18	32,87	32,59	32,52	32,32	32,76	33,46	33,73	33,66
Prezo medio ponderado	32,6	32,4	32,3	32,4	32,1	31,9	31,8	31,6	32	32,7	32,94	32,93

NOTA 1: Os datos do último mes correspóndense á situación das declaracións realizadas polos compradores na aplicación LacDec á data 5 de febreiro de 2019.

NOTA 2: Os datos de tramos de produción a partir de abril de 2015 non están referenciados á cota láctea; para determinar o tramo que lle corresponde a cada produtor, estimase a súa produción anual con base na seguinte estacionalidade mensual: Estacionalidade da produción de leite en Galicia (peso relativo medio de cada mes nos últimos 8 períodos lácteos): xan: 8,38%; feb: 7,83%; mar: 8,82%; abr: 8,56%; mai: 8,89%; xun: 8,47%; xul: 8,65%; ago: 8,42%; set: 7,92%; out: 8,07%; nov: 7,80%; dec: 8,19%.

Fonte: Fondo Galego de Garantía Agraria (FEGA).

1.3. Variacións do PIB e do emprego: a produtividade

O obxectivo deste apartado é realizar unha análise do estado actual e máis da evolución nos últimos anos da produtividade do factor traballo na economía galega, en termos comparados coa media estatal.

1.3.1. Balance do mercado de traballo

A análise pivota sobre dúas fontes de datos: a Enquisa de poboación activa (EPA) do INE, e as Contas económicas de Galicia, do IGE.

1.3.1.1. Balance de indicadores laborais a partir dos datos da EPA

O cadro 1.19 representa a evolución de sete variables laborais (poboación activa, ocupada, asalariada, desempregada e as taxas de actividade, ocupación e paro), co obxecto de avaliar a traxectoria do mercado de traballo de Galicia dende 2009 ata 2020. Cómpre indicar que, por mor da pandemia, os valores absolutos deben considerarse coa debida cautela, sendo máis preciso analizar as taxas de actividade, ocupación e paro por CC.AA. Con todo, tamén estas taxas, especialmente a de ocupación e de paro, precisan certas matizacións, xa que están influenciadas pola importancia dos expedientes de regulación temporal de emprego (ERTE).

A partir da información recollida conclúese que:

- A poboación activa en Galicia reflicte un descenso de 20.200 persoas, rexistrando unha caída de 21.000 persoas ocupadas e un aumento de 800 desempregados. Polo que respecta á poboación ocupada, a redución de persoas asalariadas foi de 9.700, polo que a meirande parte da redución da ocupación foi en persoas empresarias ou autónomas, que foron precisamente uns dos colectivos máis afectados pola crise da COVID-19.
- Polo que respecta as taxas de actividade, ocupación e paro, en Galicia produciuse un descenso de 0,9 puntos porcentuais na primeira, unha caída dun punto porcentual na segunda e un aumento de 0,2 puntos porcentuais na terceira.
- Polo que respecta ao análise por CC.AA. en 2020 a taxa de actividade de Galicia (52,2%) foi 5,2 puntos porcentuais inferior a media nacional (57,4%), a de ocupación (45,9%), 2,6 puntos porcentuais por baixo da media nacional (48,5%) e a de paro (12,0%), 3,5 puntos porcentuais inferior a media nacional (15,5%).
- Considerando a porcentaxe de afectados polos ERTE sobre o total de afiliados á Seguridade Social, compróbase que en Galicia, esta ratio pasou do 13,9% en maio de 2020 ao 3,4% en decembro de 2020. As cifras para o conxunto nacional foron do 16,1% e do 4,0%, respectivamente (gráfico 1.1.). O anterior pode servir para explicar

a escasa incidencia da COVID-19 sobre as taxas de ocupación e desemprego, tanto para Galicia como a nivel nacional (gráfico 1.1). Este resultado contrasta co descenso do PIB en Galicia e en España (8,9% e 10,8%, respectivamente).


Cadro 1.19

Balance do mercado de traballo. Por comunidades autónomas. 2020

	Poboación activa	Poboación ocupada	Poboación asalariada	Poboación desempregada	Taxa de actividade	Taxa de ocupación	Taxa de paro
	Miles de persoas				Porcentaxe		
Andalucía	3.887,3	3.021,1	2.469,4	866,2	55,4	43,0	22,3
Aragón	645,4	569,9	474,2	75,5	58,1	51,3	11,7
Asturias	443,8	381,1	316,5	62,7	50,0	43,0	14,1
Baleares	629,9	528,2	427,5	101,7	61,6	51,7	16,1
Canarias	1.098,3	849,8	715,6	248,5	57,1	44,2	22,6
Cantabria	266,8	234,4	191,0	32,4	53,8	47,3	12,1
Castela e León	1.097,0	964,7	785,6	132,3	53,8	47,3	12,1
Castela-A Mancha	969,8	798,4	657,6	171,5	57,3	47,1	17,7
Cataluña	3.818,1	3.335,8	2.812,0	482,3	60,3	52,7	12,6
C. Valenciana	2.410,5	2.020,3	1.676,6	390,2	57,2	47,9	16,2
Extremadura	486,3	380,3	299,1	106,0	54,4	42,5	21,8
Galicia	1.220,9	1.074,2	868,6	146,7	52,2	45,9	12,0
Madrid	3.480,5	3.045,6	2.705,6	434,9	62,1	54,4	12,5
Murcia	724,1	606,9	516,2	117,2	58,8	49,3	16,2
Navarra	309,5	278,4	234,1	31,1	57,1	51,4	10,1
País Vasco	1.014,4	917,6	794,0	96,8	55,1	49,8	9,5
A Ríoxa	154,5	137,8	115,7	16,7	58,4	52,1	10,8
Ceuta	37,1	28,0	24,6	9,1	56,4	42,5	24,5
Melilla	39,2	29,9	25,2	9,3	62,2	47,5	23,6
España	22.733,3	19.202,4	16.109,1	3.530,9	57,4	48,5	15,5

Datos en medias anuais.

Fonte: INE, Enquisa de poboación activa.



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións.

1.3.1.2. Balance de indicadores laborais cos datos das Contas económicas de Galicia

A segunda aproximación da análise da evolución do mercado de traballo de Galicia farase a partir da estatística das Contas económicas trimestrais sobre postos de traballo

equivalentes a tempo completo; o que permite aproximar mellor á variación do emprego neto de Galicia. No cadro 1.20 recóllense os datos dos últimos oito anos, por sectores e ramas:

- En medias anuais, a poboación ocupada de Galicia baixou en 2020 respecto a 2019 en 81.743 persoas, debido aos efectos da COVID-19.
- A diminución neta de postos de traballo rexistrouse especialmente no sector servizos (-62.344) e, en menor medida, na industria (-11.037) e na construción (-8.648). Na agricultura, gandería, silvicultura e pesca recóllese un lixeiro aumento (286 persoas), e no sector de servizos non de mercado (475 persoas máis) rompendo coa tendencia continuada de baixadas dos últimos anos.
- A redución de postos de traballo equivalente foi especialmente importante no sector servizos, cunha perda do 76,3% do total, isto é, de cada 4 empregos perdidos, máis de 3 foron no sector servizos, unha das actividades máis castigadas pola pandemia da COVID-19.

Cadro 1.20

Emprego* segundo actividade económica. Galicia. 2013-2020

	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
TOTAL POBOACIÓN OCUPADA	956.961	940.518	950.736	969.142	992.100	1.005.906	1.016.347	934.604
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	73.502	67.575	65.129	68.750	74.882	74.107	73.378	73.664
Industria	137.640	133.962	134.861	139.061	142.138	146.590	148.275	137.238
Construción	71.624	70.223	73.280	70.944	70.440	74.387	76.524	67.876
Servizos	674.195	668.758	677.466	690.387	704.640	710.822	718.170	655.826
-Comercio, transporte e hostalaría	277.856	268.931	269.308	271.998	283.282	283.878	284.018	240.603
-Información e comunicacións	14.652	15.114	16.207	17.221	18.376	19.143	19.943	20.080
-Actividades financeiras e de seguros	19.469	18.339	16.221	18.075	17.040	16.911	16.671	16.558
-Actividades inmobiliarias	6.131	6.593	7.005	6.893	7.141	7.550	7.622	7.329
-Actividades profesionais	87.262	87.345	86.351	93.492	97.741	102.426	103.994	98.543
-Admón. Pública (sanidade e educación)	197.187	199.897	207.531	205.369	207.059	207.910	210.427	204.878
-Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	71.638	72.539	74.843	77.339	74.001	73.004	75.496	67.835
Servizos non de mercado	161.920	161.109	162.096	160.395	159.535	159.931	160.366	160.841

* En postos de traballo equivalentes a tempo completo.
Os datos están corrídos de efectos estacionais e de calendario.
Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

O cadro 1.21 recolle, cunha estrutura semellante á do cadro anterior, as porcentaxes de variación ano a ano do emprego, medidas en postos de traballo equivalentes a tempo completo. Nel pódese salientar que os maiores descensos producíronse no segundo trimestre de 2020, cunha redución global do 22,2%, sendo especialmente significativa a caída experimentada da construción (-28,2%) e do sector servizos (-23,8%). A partir do terceiro trimestre e sobre todo no cuarto trimestre as caídas fóronse moderando: (-4,2% en servizos, -3,7% na construción e -3,4% na industria), o que reflicte a tendencia a recuperación económica, despois da forte caída no segundo trimestre.

Cadro 1.21

Porcentaxe de variación de emprego* segundo actividade. Galicia. 2015-2020

	En medias anuais					Datos trimestrais			
	2015	2016	2017	2018	2019	2020/I	2020/II	2020/III	2020/IV
TOTAL POBOACIÓN OCUPADA	1,1	1,9	2,4	1,4	1,0	-2,2	-22,2	-4,1	-3,6
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	-3,6	5,6	8,9	-1,0	-1,0	2,7	-2,8	-0,2	1,9
Industria	0,7	3,1	2,2	3,1	1,1	-1,2	-21,4	-3,8	-3,4
Construción	4,4	-3,2	-0,7	5,6	2,9	-6,2	-28,2	-6,9	-3,7
Servizos	1,3	1,9	2,1	0,9	1,0	-2,5	-23,8	-4,2	-4,2
-Comercio, transporte e hostalaría	0,1	1,0	4,1	0,2	0,0	-4,6	-38,5	-8,1	-9,9
-Información e comunicacións	7,2	6,3	6,7	4,2	4,2	2,8	-3,1	1,6	1,5
-Actividades financeiras e de seguros	-11,5	11,4	-5,7	-0,8	-1,4	-5,6	-7,3	7,8	3,0
-Actividades inmobiliarias	6,2	-1,6	3,6	5,7	1,0	1,7	-18,7	0,6	1,0
-Actividades profesionais	-1,1	8,3	4,5	4,8	1,5	-2,2	-15,2	-2,9	-0,6
-Admón. Pública (sanidade e educación)	3,8	-1,0	0,8	0,4	1,2	0,2	-11,8	-0,5	1,5
-Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	3,2	3,3	-4,3	-1,3	3,4	-3,5	-23,8	-6,4	-6,8
Servizos non de mercado	0,6	-1,0	-0,5	0,2	0,3	0,7	-3,3	1,6	2,2

* En postos de traballo equivalentes a tempo completo.
Os datos están corrixiados de efectos estacionais e de calendario.
Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

A evolución do emprego neto en Galicia dende 2008, medido en postos de traballo equivalentes, preséntase no cadro 1.22, que reflicte nitidamente a gran intensidade da destrución da ocupación en Galicia durante a crise de 2007. A partir de 2015 rexístrase una recuperación do emprego, que foi reducindo de intensidade ata 2019. En 2020, produciuse unha importante caída polos efectos económicos da COVID-19, que implicou unha redución do 8,0%. Por sectores, salvo agricultura, gandería, silvicultura e pesca e o sector de servizos non de mercado, rexistraron variacións negativas. Así, a construción, servizos e industria reflicten un descenso do 11,3%, 8,7% e 7,5%, respectivamente. Os maiores descenso de variación do emprego foron no segundo cuadrimestre de 2020, especialmente no sector da construción e servizos, cunha diminución do 28,2% e 23,8%, respectivamente.

Cadro 1.22

Porcentaxe de variación de emprego* segundo actividade. Galicia. 2008-2020

	Total poboación ocupada	Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	Industria	Construción	Servizos	Servizos non de mercado
2008	-0,3	-6,0	-0,8	-5,7	1,6	2,7
2009	-5,7	-3,4	-10,1	-11,2	-3,8	1,9
2010	-3,4	-2,1	-4,2	-9,5	-2,2	-1,6
2011	-4,0	-2,9	-5,1	-15,6	-2,0	-4,1
2012	-5,1	-3,8	-7,5	-17,6	-2,9	-3,6
2013	-2,3	-4,0	-3,6	-10,7	-0,9	0,0
2014	-1,7	-8,1	-2,7	-2,0	-0,8	-0,5
2015	1,1	-3,6	0,7	4,4	1,3	0,6
2016	1,9	5,6	3,1	-3,2	1,9	-1,0
2017	2,4	8,9	2,2	-0,7	2,1	-0,5
2018	1,4	-1,0	3,1	5,6	0,9	0,2
2019	1,0	-1,0	1,1	2,9	1,0	0,3
2020	-8,0	0,4	-7,5	-11,3	-8,7	0,3
2020/I	-2,2	2,7	-1,2	-6,2	-2,5	0,7
2020/II	-22,2	-2,8	-21,4	-28,2	-23,8	-3,3
2020/III	-4,1	-0,2	-3,8	-6,9	-4,2	1,6
2020/IV	-3,6	1,9	-3,4	-3,7	-4,2	2,2

* En postos de traballo equivalentes a tempo completo.
Os datos están corrixiados de efectos estacionais e de calendario.
Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

O cadro 1.23 permite afondar no estudo da principal compoñente da poboación ocupada de Galicia.

Cadro 1.23

Emprego asalariado* segundo actividade económica. Galicia. 2013-2020

	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
TOTAL POBOACIÓN OCUPADA	791.827	785.136	796.237	811.555	833.266	849.730	863.028	798.775
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	24.860	25.662	26.063	26.778	28.394	31.452	32.196	34.160
Industria	131.891	128.296	129.206	133.348	136.300	140.860	143.626	133.275
Construción	57.660	56.158	58.603	56.679	56.337	60.451	63.297	57.205
Servizos	577.416	575.020	582.365	594.750	612.235	616.967	623.910	574.135
-Comercio, transporte e hostalaría	218.289	213.404	214.889	218.704	230.991	233.220	235.959	199.518
-Información e comunicacións	13.953	14.481	15.229	16.357	17.446	18.086	18.703	18.776
-Actividades financeiras e de seguros	16.445	15.163	12.992	14.875	14.122	13.706	13.367	13.643
-Actividades inmobiliarias	5.466	5.905	6.338	6.210	6.442	6.785	6.734	6.510
-Actividades profesionais	73.523	73.953	72.420	78.791	82.877	86.852	87.832	82.929
-Admón. Pública (sanidade e educación)	192.218	194.306	201.137	198.664	201.268	201.933	204.373	200.045
-Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	57.522	57.808	59.360	61.149	59.089	56.385	56.941	52.714
Servizos non de mercado	161.920	161.109	162.096	160.395	159.535	159.931	160.366	160.841

*En postos de traballo equivalentes a tempo completo.
Os datos están corrixiados de efectos estacionais e de calendario.
Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

1.3.2. Produtividade do traballo e competitividade empresarial

O cadro 1.24 sinala, para o período 2012-2020, a produtividade aparente nominal do traballo para Galicia. Compróbase como nos últimos anos reflíctense lixeiras alzas neste indicador, que con motivo da COVID-19 rexistran una perda do 0,2% na variación ano a ano.

Cadro 1.24

Produtividade aparente nominal do traballo.
2012-2020

	Produtividade	Variación interanual
2012	54.542	1,3
2013	55.618	2,0
2014	57.207	2,9
2015	58.379	2,0
2016	59.389	1,7
2017	59.894	0,9
2018	61.861	3,3
2019	62.956	1,8
2020	62.862	-0,2

Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

1.4. Benestar económico-social: taxas de pobreza; alta desigualdade

1.4.1. Dificultades económicas dos fogares

A Enquisa de condicións de vida (ECV) realizada polo INE estima a nivel rexional as dificultades económicas dos fogares en 2020 (último dato dispoñible), cuantificándoos polos catro criterios que recolle o cadro 1.25. Cabe salientar o seguinte:

- Un 36,6% dos fogares de Galicia non podían permitirse ir de vacacións polo menos unha semana ao ano fóra da súa casa (2,8 puntos porcentuais máis que a media estatal); So cinco CC.AA. (Canarias, Andalucía, Extremadura, Murcia e Cantabria) e una cidade autónoma (Ceuta) tiveron unha porcentaxe de fogares maior que os galegos, mentres que as menores porcentaxes rexistráronas as CC.AA. do País Vasco, Navarra e Madrid.
- Un 29,6% dos fogares galegos consideraron que non tiñan capacidade económica para facerlle fronte a gastos imprevistos (5,8 puntos porcentuais menos que a media española); as maiores porcentaxes tivéronas as cidades autónomas de Melilla (53,4%) e Ceuta (52,3%) e as CC.AA. de Canarias (64,0%), Extremadura (47,8%), Andalucía (44,1%) e Murcia (41,7%); as porcentaxes máis baixas foron as de Navarra (18,7%) e o País Vasco (20,2%).
- Un 5,9% dos fogares de Galicia tiveron retrasos nos pagos relacionados coa súa vivenda principal (4,8 puntos porcentuais por baixo da media española); a Cidade Autónoma de Ceuta (25%), e as CC.AA. de Canarias (21,3%) e Andalucía (15,8%) rexistraron as maiores porcentaxes de fogares; as menores rexistráronas Aragón (4%) e Cantabria (5,1%).
- Un 6,6% dos fogares galegos tiveron moita dificultade para chegar a fin de mes (3,4 puntos porcentuais por baixo da media española); a Cidade Autónoma de Melilla e as CC.AA. de Canarias e Andalucía rexistraron os maiores porcentaxes de fogares nesta situación, mentres que as menores rexistráronas en Ceuta, Aragón e Navarra.

Cadro 1.25

Dificultades económicas dos fogares. Por comunidades autónomas. 2020

	Non pode permitirse ir de vacacións polo menos unha semana ao ano	Non ten capacidade para afrontar gastos imprevistos	Retrasos nos pagos relacionados coa vivenda principal	Moita dificultade para chegar a fin de mes
Andalucía	45,3	44,1	15,8	14,9
Aragón	25,7	26,9	4,0	4,8
Asturias	31,4	28,5	10,3	9,5
Baleares	31,8	38,5	12,5	9,8
Canarias	48,9	64,0	21,3	17,6
Cantabria	37,0	34,2	5,1	7,0
Castela e León	29,0	25,0	5,4	8,7
Castela-A Mancha	34,1	36,0	6,9	7,2
Cataluña	30,1	33,0	10,9	9,9
C. Valenciana	35,5	37,8	12,3	10,0
Extremadura	45,0	47,8	9,8	11,1
Galicia	36,6	29,6	5,9	6,6
Madrid	23,8	28,8	8,0	7,6
Murcia	41,5	41,7	11,1	11,0
Navarra	20,7	18,7	7,6	5,4
País Vasco	19,4	20,2	6,8	5,7
A Ríoxa	25,4	23,5	5,9	6,0
Ceuta	45,5	52,3	25,0	2,3
Melilla	34,9	53,4	14,7	16,0
España	33,8	35,4	10,7	10

Datos en porcentaxe.

Fonte: INE, Enquisa de condicións de vida (ECV)

1.4.2. Ingresos medios por persoa e por fogar

Na última Enquisa de condicións de vida (ECV) con información para 2020 estímase en 11.469 euros os ingresos medios anuais netos por persoa en Galicia, fronte a unha media de 12.292 no conxunto de España. Salienta a seguinte información do cadro 1.26:

- Os ingresos medios anuais netos por persoa en Galicia en 2020 están un 6,7% por baixo da media española.
- As CC.AA. cos maiores niveis per cápita foron, por este orde, País Vasco, Navarra, Madrid e Cataluña, mentres que os menores tivéronos as CC.AA. de Extremadura, Murcia, Canarias e a cidade autónoma de Ceuta.
- O ingreso medio anual neto en 2020 dunha persoa residente no País Vasco está un 37,8% por riba da media dunha residente en Galicia.

Cadro 1.26
Clasificación das CC.AA. de maior a menor
ingreso medio anual por persoa. 2020

	Renda media por persoa
País Vasco	15.813
Navarra	15.094
Madrid	14.580
Cataluña	14.170
A Ríoxa	13.504
Aragón	13.097
Asturias	12.786
Cantabria	12.748
Castela e León	12.697
Baleares	12.658
España	12.292
Galicia	11.469
Melilla	11.427
C. Valenciana	11.332
Castela-A Mancha	10.485
Andalucía	9.990
Canarias	9.935
Ceuta	9.853
Murcia	9.850
Extremadura	9.147

Datos en porcentaxe.

Fonte: INE, Enquisa de condicións de vida (ECV)

A análise dos ingresos medios anuais netos por fogar en España entre 2010 e 2020 (cadro 1.27) permite comprobar que a evolución foi decrecente dende 2010 a 2015, e tras a mellora producida en 2016, acadou en 2020 o 103,5% respecto do primeiro ano. Pola súa banda, os ingresos medios anuais netos por persoa no conxunto do Estado español aumentaron nun 8,9% dende 2010 a 2019.

Cadro 1.27

Evolución dos ingresos medios anuais por fogar e por persoa. España. 2010-2020

	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Por fogar	29.634	28.206	27.747	26.775	26.154	26.092	26.730	27.558	28.417	29.132	30.690
Por persoa	11.284	10.858	10.795	10.531	10.391	10.419	10.708	11.074	11.412	11.680	12.292

Datos en euros.

Fonte: INE, Enquisa de condicións de vida (ECV)

1.4.3. A poboación en risco de pobreza

A ECV tamén permite coñecer a taxa de pobreza en España. No cadro 1.28 preséntanse as comunidades e cidades autónomas ordenadas de menor a maior taxa de risco de pobreza para 2020. Esta información revela que:

- Galicia atópase por baixo da media estatal (21% e 22,1%, respectivamente) e ocupa en 2020 unha posición intermedia entre as comunidades pola súa taxa de pobreza.
- As CC.AA. coa taxa de pobreza máis baixa en 2019 foron País Vasco (10%) e Navarra (9,9%).
- No outro extremo, Canarias (29,9%) e Extremadura (31,4%) e as cidades autónomas de Melilla (36,3%) e Ceuta (35,3%) rexistraron as maiores taxas de pobreza.
- As políticas de compensación de rendas aplicadas por mor da COVID-19 posibilitaron que o aumento da taxa de pobreza en 2020 fose só de 0,3 puntos respecto a 2019 (20,7%).

Cadro 1.28

Clasificación de menor a maior
taxa de pobreza. Por CC.AA. 2020

	Taxa
Navarra	9,9
País Vasco	10,0
Baleares	14,1
A Ríoxa	15,0
Castela e León	15,1
Madrid	15,4
Aragón	16,0
Cataluña	16,7
Cantabria	18,0
España	21,0
Galicia	22,1
Asturias	22,2
C. Valenciana	24,6
Murcia	25,0
Castela-A Mancha	25,1
Andalucía	28,5
Canarias	29,9
Extremadura	31,4
Ceuta	35,3
Melilla	36,3

Fonte: INE, Enquisa de condicións de vida (ECV)

No cadro 1.29 preséntase a evolución da poboación en risco de pobreza de Galicia e máis España de 2008 a 2020.

- Galicia rexistrou en 2020 unha suba de taxa da pobreza dende 2013 de 4,9 puntos porcentuais, e pecha 2020 co 22,1%, despois de ter en 2014 o mellor dato (15,4%).
- Pola súa banda, a taxa media de pobreza de España tivo entre 2013 e 2020 unha suba menor (0,6 puntos porcentuais). En 2020 sitúase no 21%.
- A diferenza entre as dúas taxas de pobreza quedou en 1,1 puntos porcentuais en 2020.

Cadro 1.29

Evolución da taxa de pobreza. Galicia e España. 2008-2020

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Galicia	20,9	20,6	18,1	16,1	18,3	17,2	15,4	19,4	19,0	18,7	18,8	20,0	22,1
España	19,8	20,4	20,7	20,6	20,8	20,4	22,2	22,1	22,3	21,6	21,5	20,7	21,0

Datos en porcentaxe.

Fonte: INE, Enquisa de condicións de vida (ECV)

1.4.4. Distribución da renda

Un xeito de analizar a distribución da renda é calcular os quintís dos ingresos. Para iso, ordénanse todas as persoas segundo a contía dos ingresos por unidade de consumo e, posteriormente, divídense en cinco grupos iguais. O primeiro quintil corresponde ao 20% con menores ingresos e o quinto quintil corresponde ao 20% das persoas con maiores ingresos por unidade de consumo.

No cadro 1.30 preséntase a poboación por CC.AA. por quintil de renda por unidade de consumo no ano 2020. Da análise pódese salientar que:

- Galicia é unha das CC.AA. nas que a porcentaxe de poboación no grupo de cuarto e quinto quintil está por baixo da media estatal; mentres que está por riba da media española no primeiro, segundo e terceiro quintil.
- As CC.AA. coa maior porcentaxe de poboación no quinto quintil foron o País Vasco (36,2%) e Navarra (32,7%).
- No primeiro quintil, as maiores porcentaxes rexistráronas Melilla (36,1%), Ceuta (34,2%) e Extremadura (30,0%).

Cadro 1.30

Poboación por quintil de renda por unidade de consumo. Por comunidades autónomas. 2020

	1º quintil (menor renda): 0-20%	2º quintil (rendas intermedias): 20-40%	3º quintil (rendas intermedias): 40-60%	4º quintil (rendas intermedias): 60-80%	5º quintil (maior renda): 80-100%
Andalucía	27,6	26,3	20,3	15,5	10,4
Aragón	15,1	14,5	22,9	25,3	22,1
Asturias	21,7	17,1	20,5	21,7	19,1
Baleares	13,7	18,2	19,1	29,2	19,9
Canarias	29,6	21,0	21,6	17,2	10,6
Cantabria	17,3	19,0	23,8	22,2	17,7
Castela León	13,3	21,0	23,0	24,4	18,4
Castela-A Mancha	22,4	25,5	20,4	19,7	12,1
Cataluña	16,1	13,8	18,1	22,4	29,7
C. Valenciana	23,1	21,7	19,6	19,9	15,7
Extremadura	30,0	32,4	19,6	12,5	5,7
Galicia	21,1	20,2	23,7	18,9	16,1
Madrid	14,3	17,0	19,6	19,4	29,6
Murcia	24,1	29,0	19,6	16,6	10,8
Navarra	9,8	11,1	18,9	27,6	32,7
País Vasco	10,0	12,1	16,3	25,4	36,2
A Ríoxa	14,2	15,5	24,1	22,6	23,7
Ceuta	34,2	21,9	14,4	14,3	15,2
Melilla	36,1	9,9	17,7	6,3	30,0
España	20,0	20,0	20,0	20,0	20,0

Fonte: INE, Enquisa de condicións de vida (ECV)

1.5. Participación dos salarios no VEB. Custos laborais e salariais

Para analizar a participación dos salarios no valor engadido bruto, estúdase a relevancia das remuneracións salariais no PIB de Galicia, España e a UE. Posteriormente, preséntanse as estatísticas de custos salariais e a evolución do salario mínimo interprofesional (SMI).

1.5.1. Peso das remuneracións salariais no PIB de Galicia, España e a UE

A evolución da porcentaxe que sobre o PIB supón a remuneración da poboación asalariada para o período 2000-2020 en Galicia, España e UE recóllese no cadro 1.31. Anotamos os seguintes aspectos:

- En 2020 a porcentaxe de remuneración da poboación asalariada de Galicia no seu PIB (46%) é menor que a estatal (48,2%). As diferenzas coa media estatal e a UE son de 2,2 e 2,9 puntos, respectivamente.
- A proporción dos salarios no PIB de Galicia rexistra un significativo aumento respecto ao ano pasado ao pasar do 44,1% en 2019 ao 46% en 2020. O anterior pódese explicar polas políticas de mantemento de ingresos aprobadas polas Administracións públicas por mor da COVID-19, que repercuten no peso que supón a remuneración das persoas asalariadas no PIB.

Cadro 1.31

**Porcentaxe da remuneración das persoas asalariadas
no PIB. Galicia, España e Europa. 2000-2020**

	Galicia	España	UE 28
2000	45,8	48,8	47,5
2001	45,1	48,1	47,3
2002	45,1	47,8	47,3
2003	45,1	47,3	47,3
2004	44,2	47,2	46,6
2005	44,1	46,9	46,4
2006	44,5	47,0	45,9
2007	45,3	47,3	45,5
2008	46,4	49,0	46,4
2009	48,0	49,6	47,9
2010	47,0	49,1	47,3
2011	47,4	48,3	47,0
2012	46,1	46,7	47,3
2013	45,8	45,8	47,3
2014	44,9	45,9	47,1
2015	44,7	45,7	46,8
2016	44,1	45,2	47,0
2017	43,8	45,1	47,0
2018	43,9	45,2	47,4
2019	44,1	45,9	47,4
2020	46,0	48,2	48,9

Datos en porcentaxe.

Fonte: IGE, Estudo sobre salarios.

1.5.2. Custos laborais. Xornada laboral

O cadro 1.32 recolle os custos laborais por CC.AA. dende unha dobre perspectiva: por persoa traballadora e mes e por hora efectiva de traballo. No que atinxe á primeira variable, o custo laboral en 2020 foi 2.551 euros. Polo que respecta ao custo laboral por hora efectiva, en 2020 ascende ata os 20,4 euros. Os resultados anteriores reflicten un lixeiro aumento dende 2019, de 17 euros e de 0,7 euros para o custe laboral por persoa traballadora e mes e o custe laboral por hora efectiva, respectivamente.

A media estatal do custo salarial por persoa traballadora e mes foi de 2.061 euros en 2020, un importe lixeiramente inferior ao de 2019 (2.075 euros). A desagregación deste dato por CC.AA. permite observar que o maior custo laboral foi o de Madrid (2.448 euros) e o País Vasco (2.444 euros). Canarias (1.527 euros) e Estremadura (1.687 euros) pecharon a clasificación. En Galicia foi de 1.900 euros. As CC.AA. cunha maior suba porcentual no seu custo salarial en 2020 foron Murcia (5,4%) e Castela e León (4,3%);

mentres que as maior diminución rexistrouse en Canarias (-10,6%) e Baleares (-9,4%). Este resultado responde ao retroceso da actividade turística nestas dúas CC.AA.

Cadro 1.32

Custos laborais. Por comunidades autónomas. 2020

	Custo laboral por persoa traballadora e mes		Custo laboral por hora efectiva	
	Euros	% var.*	Euros	% var.*
Andalucía	2.446	1,1	20,4	6,8
Aragón	2.699	-0,6	22,6	2,7
Asturias	2.866	0,9	24,7	7,9
Baleares	2.509	-9,0	21,5	2,0
Canarias	2.094	-9,3	19,0	7,5
Cantabria	2.741	2,8	22,0	4,2
Castela León	2.572	3,7	21,6	9,2
Castela-A Mancha	2.479	2,5	19,5	2,3
Cataluña	2.918	-1,7	23,9	2,4
C. Valenciana	2.454	0,8	19,8	3,4
Extremadura	2.259	-2,5	18,8	0,5
Galicia	2.551	0,7	20,4	3,3
Madrid	3.219	0,9	26,0	8,0
Murcia	2.574	5,3	20,6	7,6
Navarra	3.110	0,5	25,9	3,7
País Vasco	3.273	0,5	27,6	4,8
A Rioxa	2.516	-0,7	20,7	1,6
España	2.752	-0,1	22,7	5,1

* Sobre cuarto trimestre do ano anterior.

Fonte: INE, Enquisa trimestral de custo laboral.

Cadro 1.33

Custos salariais. Por comunidades autónomas. 2020

	Custo salarial por persoa traballadora e mes		Custo salarial por hora efectiva	
	Euros	% var.*	Euros	% var.*
Andalucía	1.816	0,8	15,2	6,5
Aragón	2.024	-0,9	16,9	2,4
Asturias	2.140	-0,6	18,4	6,4
Baleares	1.872	-9,4	16,0	1,5
Canarias	1.527	-10,6	13,9	6,0
Cantabria	2.057	2,1	16,5	3,5
Castela León	1.932	4,3	16,3	9,9
Castela-A Mancha	1.823	1,7	14,4	1,5
Cataluña	2.187	-2,6	17,9	1,4
C. Valenciana	1.824	0,6	14,8	3,3
Extremadura	1.687	-2,7	14,1	0,2
Galicia	1.900	0,2	15,2	2,8
Madrid	2.448	0,1	19,8	7,1
Murcia	1.930	5,4	15,5	7,7
Navarra	2.340	0,0	19,5	3,2
País Vasco	2.444	0,0	20,6	4,3
A Rioxa	1.888	-1,2	15,6	1,0
España	2.061	-0,7	17,0	4,5

* Sobre cuarto trimestre do ano anterior.

Fonte: INE, Enquisa trimestral de custo laboral.

No cadro 1.34 preséntase por CC.AA a xornada laboral por persoa traballadora e mes no cuarto trimestre dende unha tripla vertente: total de persoas traballadoras, as que traballan a tempo completo e as que o fan a tempo parcial.

En 2020 foi de 152 horas (1,1 horas máis que en 2019). Polo que respecta ao traballo a tempo completo a cantidade estabilízase ao redor das 169 horas en 2020. No que fai referencia ao traballo a tempo parcial, dende 2015 ata 2018 prodúcese unha diminución, acadando as 85,7 horas en 2019 e aumentado ata as 86,5 horas en 2020.

O número de vacantes en Galicia ao remate do ano 2020 foi de 2.993 (cadro 1.35), o que supón un 3,9% do total (4,6% en 2019), moi por baixo das porcentaxes relativas no total español en poboación ou PIB. Este mesmo cadro permite coñecer os motivos principais de non existencia de vacantes, desagregado por CC.AA. e a nivel estatal.

Cadro 1.34

Xornada laboral. Por comunidades autónomas. 2020

	Xornada laboral (horas pactadas)		
	Total traballadores/as	Tempo completo	Tempo parcial
Andalucía	147,9	168,2	89,8
Aragón	150,2	168,7	81,5
Asturias	149,8	166,0	86,3
Baleares	151,7	168,5	97,4
Canarias	151,0	169,5	86,5
Cantabria	151,4	167,6	89,4
Castela León	149,2	168,2	87,4
Castela-A Mancha	150,1	167,5	84,9
Cataluña	150,2	169,1	83,7
C. Valenciana	148,8	169,0	90,2
Extremadura	146,6	166,7	82,5
Galicia	152,1	169,1	86,5
Madrid	152,9	168,8	89,5
Murcia	151,7	168,6	94,5
Navarra	149,3	166,8	81,1
País Vasco	146,6	164,7	81,2
A Ríoxa	148,5	167,7	81,6
España	150,1	168,4	87,3

Fonte: Enquisa trimestral de custo laboral.

Cadro 1.35

Vacantes, ou motivos polos que non existen. Por comunidades autónomas. 2020

	Vacantes	% en cada CC.AA. sobre o total de vacantes	Motivos polos que non existen vacantes (distribución autonómica)		
			Non se necesita ningún traballador	Elevado coste de contratación	Outros
Andalucía	12.471	16,4	95,9	2,8	1,3
Aragón	2.136	2,8	96,5	1,7	1,8
Asturias	1.431	1,9	96,9	2,1	1,0
Baleares	353	0,5	93,5	5,4	1,1
Canarias	2.796	3,7	96,0	2,5	1,5
Cantabria	527	0,7	94,4	3,2	2,4
Castela e León	4.378	5,8	95,0	3,5	1,5
Castela-A Mancha	1.897	2,5	95,9	1,7	2,4
Cataluña	16.217	21,3	96,2	2,3	1,5
C. Valenciana	5.148	6,8	95,4	2,6	2,0
Extremadura	660	0,9	90,8	6,9	2,3
Galicia	2.993	3,9	95,8	3,1	1,1
Madrid	17.419	22,9	95,9	1,9	2,2
Murcia	1.319	1,7	97,5	1,5	1,0
Navarra	2.787	3,7	96,2	1,7	2,1
País Vasco	3.076	4,0	95,7	2,4	1,9
A Rioxa	400	0,5	95,6	3,4	1,0
Total	76.007	100,0	95,7	2,6	1,7

Fonte: INE, Enquisa trimestral de custo laboral.

1.5.3. O salario mínimo interprofesional (SMI)

O SMI a 1 de xaneiro de 2020 en España foi de 1.108 euros/mes (incluíndo a pro rata das pagas extraordinarias) fronte aos 1.050 euros de 2019. A súa contía actual en España experimentou unha importante suba nos últimos anos. Con todo, o SMI en España é o 50% do percibido en Luxemburgo ou o 64,3% do que se recibe en Irlanda (cadro 1.36).

Cadro 1.36

Salario mínimo interprofesional.
España e outros Estados da UE. 2020

	Euros/mes
Luxemburgo	2.202
Irlanda	1.724
Bélxica	1.626
Alemaña	1.614
Francia	1.555
España	1.108
Portugal	776
Grecia	758
Polonia	614

* Inclúe o prorrateo das pagas extraordinarias.

Fonte: Eurostat.

O moi limitado incremento do SMI no trienio 2012-2014 (0,6%), contrasta co importante aumento de 2016 a 2017 (8,0%) e entre 2017 a 2018 (4,0%) e sobre todo entre 2018 e 2019 (22,3%) tal e como reflicte o cadro 1.37. En 2020 subiu un 5,5%. En 2021 situouse

no mesmo nivel que 2020, en 950 euros mensuais (13.300 euros anuais repartidos en 14 pagas).

Cadro 1.37

Salario mínimo interprofesional. España. 2008-2021

	€/día	€/mes	Incremento
2008	20,00	600,00	5,15
2009	20,80	624,00	4,00
2010	21,11	633,30	1,50
2011	21,38	641,40	1,28
2012	21,38	641,40	0,00
2013	21,51	645,30	0,60
2014	21,51	645,30	0,00
2015	21,62	648,60	0,50
2016	21,84	655,20	1,00
2017	23,59	707,70	8,00
2018	24,53	735,90	4,00
2019	30,00	900,00	22,30
2020	31,66	950,00	5,55
2021	31,66	950,00	0,00

Fonte: Ministerio de Empleo e Economía Social.

1.6. A variación do IPC

O cadro 1.38.a recolle a evolución nos últimos quince anos das taxas de inflación de Galicia e España. Tras unha etapa ordinaria de incrementos entre 2006 e 2013, durante o bienio 2014-2015 os prezos tiveron un comportamento extraordinario: diminuíron, para logo aumentar en 2016. En 2017 foi do 1,2%, en 2018 do 1% e en 2019 do 0,7%. En 2020, por mor da pandemia da COVID-19 a inflación en Galicia rexistrou unha variación negativa (-0,4%). Para España, a evolución foi, en liñas xerais, a mesma, aínda que inferior nunha décima no 2020 respecto de Galicia.

Cadro 1.38a

Porcentaxe de variación do IPC. Galicia-España. 2006-2020

	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Galicia	2,6	4,1	1,2	0,9	3,1	2,5	2,6	0,5	-1,0	-0,2	1,6	1,2	1,0	0,7	-0,4
España	2,7	4,2	1,4	0,8	3,0	2,4	2,9	0,3	-1,0	0,0	1,6	1,1	1,2	0,8	-0,5

Taxas de variacións interanuais en % a decembro de cada ano.
Fonte: INE, IPC.

Cadro 1.38b**Porcentaxe de variación do IPC. 2020**

	IPC xeral
Andalucía	-0,3
Aragón	-0,6
Asturias	-0,6
Baleares	-0,4
Canarias	-0,1
Cantabria	-0,5
Castela León	-0,7
Castela-A Mancha	-0,9
Cataluña	-0,6
C. Valenciana	-0,5
Extremadura	-0,5
Galicia	-0,4
Madrid	-0,8
Murcia	-0,4
Navarra	-0,6
País Vasco	-0,3
A Ríoxa	-0,8
Ceuta	-0,4
Melilla	0,1
España	-0,5

Taxas de variacións interanuais en % a decembro de cada ano.

Fonte: INE, IPC.

A inflación subxacente, que é aquela que non ten en conta a variación dos prezos dos produtos enerxéticos nin dos alimentos non elaborados, rematou en 2020 en Galicia no 0,4% (1,1% en 2019) fronte ao 0,1% da media estatal (1,0% en 2019).

Cadro 1.39a**Inflación subxacente. Galicia e España. 2009-2020**

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Galicia	0,2	1,4	1,6	2,2	0,3	-0,1	1,0	0,9	0,8	0,8	1,1	0,4
España	0,3	1,5	1,5	2,1	0,2	0,0	0,9	1,0	0,8	0,9	1,0	0,1

Taxas de variacións interanuais en % a decembro de cada ano.

Fonte: INE, IPC.

Cadro 1.39b

Inflación subxacente. 2020

	IPC xeral sen alimentos non elaborados nin produtos enerxéticos
Andalucía	0,2
Aragón	0,2
Asturias	0,3
Baleares	0,1
Canarias	0
Cantabria	0,2
Castela León	0,3
Castela-A Mancha	0,1
Cataluña	0
C. Valenciana	0,1
Extremadura	0,2
Galicia	0,4
Madrid	-0,1
Murcia	0,5
Navarra	0,3
País Vasco	0,2
A Rioxa	0,1
Ceuta	-0,5
Melilla	0,6
España	0,1

Taxas de variacións interanuais en % a decembro de cada ano.

Fonte: INE, IPC.

A información do cadro 1.40.a ofrece a desagregación nos doce grupos de gasto do IPC e a súa taxa de variación entre 2009 e 2020 en Galicia. Obsérvase nel que en 2020:

- Diminuíron os prezos en tres grupos de gasto: transporte (-4,5%), comunicacións (-4,1%), ocio e cultura (-1,4%), vivenda (-0,7%) e bebidas alcohólicas e tabaco (-0,3%)
- As maiores subas rexistráronse en alimentos e bebidas non alcohólicas (1,8%), hoteis, cafés e restaurantes (1,4%) e ensino (1,3%).

Cadro 1.40a

IPC por grupos de gasto. Galicia. 2009-2020

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
1. Alimentos e bebidas non alcohólicas	-2,0	0,5	2,7	2,5	1,5	0,1	1,4	1,0	1,4	1,4	1,2	1,8
2. Bebidas alcohólicas e tabaco	11,3	13,9	3,7	5,8	5,0	-0,4	1,2	0,9	1,8	1,6	-0,1	-0,3
3. Vestido e calzado	-0,9	0,5	0,3	0,3	0,1	0,4	0,5	0,8	0,4	0,9	0,9	0,7
4. Vivenda	0,8	7,3	7,0	6,4	0,4	-0,9	-3,2	0,8	1,7	2,4	-5,4	-0,7
5. Enxoval	1,0	0,7	1,6	1,2	0,5	-1,3	0,6	-0,5	-0,1	0,3	0,8	0,6
6. Sanidade	-0,7	-0,1	-2,3	11,1	1,6	-0,2	0,2	1,4	0,3	1,1	1,1	0,5
7. Transporte	4,1	9,1	4,6	2,1	1,1	-4,2	-2,8	4,7	2,4	-0,4	3,4	-4,5
8. Comunicacións	-0,3	-0,7	-1,6	-2,8	-6,6	-5,7	0,4	3,3	0,2	2,2	0,6	-4,1
9. Ocio e cultura	-0,6	-0,9	0,6	0,7	-0,7	-1,8	0,1	0,2	-0,6	-0,6	-0,4	-1,4
10. Ensino	2,6	2,1	3,2	4,0	1,6	1,0	0,6	1,6	1,0	1,3	1,8	1,3
11. Hoteis, cafés e restaurantes	1,8	2,1	1,6	1,4	0,5	0,5	0,9	1,3	2,1	2,0	3,0	1,4
12. Outros	1,9	2,5	2,0	3,6	-0,1	0,7	1,4	1,6	0,0	0,8	1,0	1,2
VARIACIÓN XERAL DO IPC	0,9	3,1	2,5	2,6	0,5	-1,0	-0,2	1,6	1,2	1,0	0,7	-0,4

Taxas de variación interanuais en % a decembro de cada ano.

Fonte: INE, IPC.

Cadro 1.40b

IPC por grupos de gasto. Por comunidades autónomas. 2020

	1 Alimentos e bebidas non alcohólicas	2 Bebidas alcohólicas e tabaco	3 Vestido e calzado	4 Vivenda	5 Enxoval	6 Sanidade	7 Transporte	8 Comunicacións	9 Ocio e cultura	10 Ensino	11 Hoteis, cafés e restaurantes	12 Outros	IPC Xeral
Andalucía	0,7	0,4	0,9	1,8	0,1	0,3	-4,1	-4,1	-1,4	0,7	0,5	0,9	-0,3
Aragón	1,3	0,6	0,8	-1	0,4	1,2	-5,1	-4	-0,9	1,5	-0,5	1,7	-0,6
Asturias	1,3	0,1	0,9	-0,6	0,3	-0,4	-5,1	-4,1	-2,5	0,9	2	1,2	-0,6
Baleares	0,9	0,2	1	1	0,4	0	-4	-4	-2,4	0,5	1,3	1,4	-0,4
Canarias	1,6	2,2	0,8	2	-0,5	-0,1	-3,5	-4,1	-1,9	1	0,5	1,7	-0,1
Cantabria	1	-1,1	1,1	-0,4	0	1,4	-5,3	-3,9	-0,6	0,7	0,7	1,8	-0,5
Castela León	1,4	0,3	0,9	-1,9	0,4	0,8	-4,6	-4,1	-2	0,9	0,4	1	-0,7
Castela-A Mancha	0,9	0,3	0,9	-2,5	0,3	0,8	-4,4	-4	-2,1	1	0,1	1,2	-0,9
Cataluña	1,5	0,5	1	-0,8	0,3	0,1	-4,6	-4,1	-1,3	-4,1	0,3	1,3	-0,6
C. Valenciana	0,6	0	0,7	0,9	0,7	0,8	-4,6	-4,2	-1,6	0,8	0,8	1,2	-0,5
Estrémadura	0,3	0,5	1	1	0,2	0,5	-4,8	-4,2	-1,4	1,6	0,5	1,8	-0,5
Galicia	1,8	-0,3	0,7	-0,7	0,6	0,5	-4,5	-4,1	-1,4	1,3	1,4	1,2	-0,4
Madrid	1,1	0	1	-0,4	0,5	0,9	-4,2	-4	-1,5	1,4	-1,2	1,2	-0,8
Murcia	0,7	1,5	0,7	0,9	1,2	1	-4,9	-4,1	-1,7	0,4	0,7	0,9	-0,4
Navarra	1,5	0,2	0,7	-1,7	0,8	0,9	-5	-4,2	-2,1	1,7	0,9	2	-0,6
País Vasco	1,8	-0,1	0,7	0,2	0,5	0,1	-4,1	-4	-2,2	0,4	1	0,8	-0,3
A Ríoxa	-0,5	0	0,8	-1	-0,5	0,2	-3,8	-4,1	-1,9	-0,2	1	1,2	-0,8
Ceuta	1,8	-1,7	1,4	1,5	0,1	0,1	-5,9	-3,7	-2,5	0,4	-0,2	0,6	-0,4
Valencia	1,5	1,2	0,7	1,9	-0,7	1	-2,6	-4,1	-2,2	0,7	1,6	0,6	0,1
España	1,1	0,3	0,9	-0,1	0,4	0,5	-4,4	-4,1	-1,6	-0,2	0,3	1,2	-0,5

Taxas de variación interanuais en % a decembro de cada ano.

Fonte: INE, IPC.

1.7. Comercio exterior

Cando se analiza o comercio exterior galego, podemos referirnos a tres realidades económicas diferentes: i) ao importe global das transaccións con orixe ou destino en Galicia (total do comercio exterior galego); ii) tan só a unha parte dese total do comercio exterior galego: ás compravendas de Galicia co estranxeiro (ou o que é o mesmo, a parte correspondente a Galicia do comercio internacional español). Esta adoita ser a máis usada na literatura económica tradicional, pero cremos que a súa denominación pode resultar confusa; por iso, chamáremoslle comercio internacional de Galicia; e iii) á outra parte do total do comercio exterior galego: as transaccións de Galicia coas outras CC.AA; chamáremoslle comercio galego intraestatal.

1.7.1. Comercio internacional galego

O valor das exportacións/expedicións de Galicia ao estranxeiro acadou en 2020 os 20.871 millóns de euros (22.196 millóns en 2019), mentres que as importacións foron de 16.597 millóns de euros (19.814 millóns en 2019). A diferenza foi de 4.274 millóns (2.382 millóns en 2019) (cadro 1.41).

Consecuentemente co superávit nas compravendas de Galicia co estranxeiro, a taxa de cobertura (porcentaxe do valor das exportacións sobre o das importacións) quedou moi por riba do valor 100 (equilibrio da balanza comercial). En 2020 a taxa de cobertura do comercio internacional galego ascendeu ao 125,7% ou o que é o mesmo, o valor das exportacións galegas ao estranxeiro cubriu o importe das importacións e acadou ademais un 25,7% de marxe.

A desagregación provincial nas exportacións amosa que a provincia de Pontevedra (52% do total galego) e a da Coruña (41,5%) volveron a ser en 2020 os sólidos piares das nosas exportacións, xa que logo, o importe conxunto das compras do estranxeiro destas dúas provincias acadou en 2020 un 93,5% do total galego).

No cadro 1.42 preséntanse os indicadores básicos de comercio exterior para 2020 por CC.AA.

Cadro 1.41

Comercio exterior de Galicia (e distribución provincial). Indicadores básicos. 2020

	EXPORTACIÓN				IMPORTACIÓN				SALDO	COBERT.
	Millóns €	IProv ⁽¹⁾	TVA ⁽²⁾	CProv a TVA ⁽³⁾	Millóns €	IProv ⁽¹⁾	TVA ⁽²⁾	CProv a TVA ⁽³⁾	Millóns €	%
A Coruña	8.661,1	41,5	-21,0	-10,4	5.492,2	33,1	-30,4	-12,1	3.168,9	157,7
Lugo	585,1	2,8	-10,0	-0,3	724,2	4,4	-2,1	-0,1	-139,1	80,8
Ourense	769,2	3,7	-12,0	-0,5	481,9	2,9	-18,5	-0,6	287,3	159,6
Pontevedra	10.856,3	52,0	11,8	5,2	9.899,1	59,6	-6,5	-3,5	957,2	109,7
Galicia	20.871,7	100,00	-6,0	-6,0	16.597,4	100,00	-16,2	-16,2	4274,3	125,8

(1) IProv: incidencia provincial na exportación/importación de Galicia (en porcentaxe)

(2) TVA: taxa de variación interanual (respecto a igual período do ano anterior), en porcentaxe.

(3) CProv a TVA de Galicia: contribución provincial á taxa de variación interanual rexistrada por Galicia.

Fonte: Ministerio de Economía e Competitividade, Informe anual da Dirección Territorial de Comercio en Galicia.

Cadro 1.42

Comercio exterior de España. Por comunidades autónomas. Indicadores básicos. 2020

	EXPORTACIÓN				IMPORTACIÓN				SALDO	COBERT.	EXP+IMP
	Valor (mil. €)	ICom ⁽¹⁾	TVA ⁽²⁾	Ccom a TVA ⁽³⁾	Valor (mil. €)	ICom ⁽¹⁾	TVA ⁽²⁾	Ccom a TVA ⁽³⁾	Valor (mil. €)	%	Valor (mil. €)
España	261.175,5	100,0	-10,0	-10,0	274.597,5	100,0	-14,7	-14,7	-13.422,1	95,1	535.773,0
Cataluña	66.265,4	25,4	-10,3	-2,6	75.680,5	27,6	-18,1	-5,2	-9.415,2	87,6	141.945,9
Madrid	29.254,2	11,2	-6,2	-0,7	62.074,8	22,6	-3,6	-0,7	-32.820,6	47,1	91.329,0
Valencia	28.623,0	11,0	-8,1	-0,9	24.965,7	9,1	-12,2	-1,1	3.657,3	114,7	53.588,6
Andalucía	27.831,9	10,7	-12,3	-1,4	24.673,3	9,0	-19,2	-1,8	3.158,6	112,8	52.505,2
Galicia	20.871,7	8,0	-6,0	-0,5	16.597,4	6,0	-16,2	-1,0	4.274,3	125,8	37.469,0
País Vasco	20.858,7	8,0	-17,8	-1,6	15.700,1	5,7	-22,0	-1,4	5.158,6	132,9	36.558,8
Aragón	13.390,4	5,1	-0,6	0,0	10.468,2	3,8	-9,1	-0,3	2.922,3	127,9	23.858,6
Castela e León	12.492,6	4,8	-14,2	-0,7	10.017,2	3,7	-18,1	-0,7	2.475,4	124,7	22.509,8
Murcia	9.929,6	3,8	-6,0	-0,2	8.110,6	3,0	-26,6	-0,9	1.819,1	122,4	18.040,2
Castela-A Mancha	7.188,1	2,8	-4,5	-0,1	9.285,7	3,4	0,0	0,0	-2.097,5	77,4	16.473,8
Navarra	8.832,3	3,4	-13,0	-0,5	4.609,8	1,7	-15,7	-0,3	4.222,5	191,6	13.442,1
Asturias	3.912,7	1,5	-19,0	-0,3	3.082,0	1,1	-23,1	-0,3	830,7	127,0	6.994,7
Cantabria	2.465,2	0,9	-5,7	-0,1	1.780,6	0,7	-17,9	-0,1	684,6	138,5	4.245,8
Canarias	1.778,7	0,7	-33,3	-0,3	2.377,9	0,9	-33,5	-0,4	-599,1	74,8	4.156,6
Extremadura	2.155,3	0,8	3,2	0,0	1.413,6	0,5	1,8	0,0	741,6	152,5	3.568,9
Non determinado	1.996,8	0,8	-16,3	-0,1	1.380,9	0,5	-41,5	-0,3	615,9	144,6	3.377,7
Baleares	1.604,2	0,6	-10,4	-0,1	994,4	0,4	-34,4	-0,2	609,7	161,3	2.598,6
A Ríoxa	1.692,2	0,7	-10,6	-0,1	1.245,8	0,5	-12,8	-0,1	446,3	135,8	2.938,0
Ceuta	14,4	0,0	35,0	0,0	113,9	0,0	-49,8	0,0	-99,5	12,6	128,3
Melilla	18,4	0,0	-6,1	0,0	25,2	0,0	-73,3	0,0	-6,9	72,7	43,6

(1) IProv: incidencia provincial na exportación/importación de Galicia (en porcentaxe)

(2) TVA: taxa de variación interanual (respecto a igual período do ano anterior), en porcentaxe.

(3) CProv a TVA de Galicia: contribución provincial á taxa de variación interanual rexistrada por Galicia.

Fonte: Ministerio de Economía e Competitividade, Informe anual da Dirección Territorial de Comercio en Galicia.

1.7.2. Comercio galego con outras comunidades autónomas

Desafortunadamente, non contamos con estatísticas oficiais sobre comercio interrexional en España. O que si temos é a estimación global das exportacións de bens e servizos de Galicia, incluíndo o resto de España. Os datos para o período 2015-2020 aparecen recollidos no cadro 1.43. Como se pode comprobar, 2020 recolle un lixeiro

saldo negativo (24,68 millóns de euros), tras acadar superávits en 2018 e 2019. Sen dúbida o comportamento do comercio mundial, condicionado pola pandemia da COVID-19 é a causa desta situación.

Cadro 1.43

Exportacións e importacións de bens e servizos en Galicia. 2015-2020

	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Exportacións	28.218,7	28.815,2	30.519,0	32.365,4	32.864,4	30.590,5
Importacións	29.079,2	28.588,6	31.179,6	32.049,5	32.767,0	30.615,2
Saldo neto	-860,5	226,6	-660,6	315,9	97,4	-24,7

Datos en millóns de euros.

Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.